



ESTE LIBRO CONTÉN:

- TEXTOS PARA O PANEL ANUNCIADOR
- TEXTOS PARA A EXPOSICIÓN:
 - A RAÍZ DO MEDO
 - CONSELLOS...
 - UN POUCO DE HISTORIA
- IMAXES PARA A EXPOSICIÓN
- A ENQUISA DOS MEDOS
- BAÚL DOS MEDOS
- CORREO AOS PROFES
- COMO BUSCAR
- TEXTOS DE MEDO
- LISTAXES DE MEDO
- MEMORIA DA ACTIVIDADE
- FOTOS

ACHÉGASE A
NÓS CON
PASOS
SILANDEIROS O
MES DE
DEFUNTOS

AS SALAS DO
MOSTEIRO

É NCHENSE DE
RUMORES
APAGADOS

OS
CORREDORES
SON CADA DÍA
MÁS
SOMBRIOS...

E...

NA

BIBLIOTECA

O INESPERADO

O IRREAL

O SOBRENATURAL

ESTÃO
AO
ASEXO

DESTA VEZ ÍMOS VOS
XEAR O SANGUE!

CON RELATOS,
NOVELAS
E CINE
DE MEDO

A RAÍZ

DO

MEDO

A ATMOSFERA

TREBOADAS

Noite

CANCIÓNS LONXANAS QUE
RESONAN EN ESPAZOS DESERTOS

RELOXOS QUE EMITEN O SEU
TIC-TAC OBSESIVO

BADALADAS SINISTRAS

RISOS MALÉFICOS

LUCES QUE SE APAGAN

BERROS APAVORADOS

MESAS DE ESPIRITISMO

OS LUGARES

CEMITERIOS

CASAS ABANDONADAS

CASTELOS EN RUÍNAS

BOSQUES NOCTURNOS

CORREDORES TENEBROSOS

ESCALEIRAS INFINITAS

CAMIÑOS QUE NON LEVAN A NINGURES

LABIRINTOS

TRENS QUE SE PRECIPITAN CARA A MORTE,

SEN QUE NINGUÉN OS CONDUZA

MOSTEIRO-S-INSTITUTO MALDITOS

BARCOS E CARRUAXES FANTASMAS

AQUELARRES

PSIQUIÁTRICOS

CRIPTAS INFECTAS...

OS OBXECTOS

PORTAS QUE SE FECHAN
DEVAGAR, DEVAGAR...

GONZOS QUE RENXEN,
DESVÁNS ABANDONADOS

MANEQUÍNS INQUEDANTES,
MOBEIS CUBERTOS POR LENZOS,
COCHES ENCANTADOS,

CAIXAS DE MÚSICA,
BONECAS DE PORCELANA,

VESTIDOS DE NOIVA,

ARAÑEIRAS,
ESQUELETES,

CAVEIRAS,
CARTAS ANTIGAS,

LIBROS QUE PERDEN AS SÚAS LETRAS.

OS PROTAGONISTAS

PANTASMAS

APARECIDOS

POSUÍDOS

LOBISOMES

VAMPIROS

BRUXAS

MONSTROS DE PESADELO

ESBIRROS DEMONÍACOS

GATOS NEGROS

CORVOS E CURUXAS

INOFENSIVOS NENOS QUE FALAN CON VOZ
DE ULTRATUMBA, AMÁVEIS ANCIÁS QUE
NUNCA NOS AVISAN DOS PERIGOS,
MORDOMOS CON CARA DE PÓQUER,
ENIGMÁTICAS CRIADAS E MOMIAS DE PASO
VACILANTE.

SUCESOS TERRORÍFICOS

ESQUELETES QUE BAILAN
ARREDOR DOS SEUS OSARIOS,
MALDICIÓNS QUE SE PERPETÚAN
POLOS SÉCULOS DOS SÉCULOS,

AVISOS DE ULTRATUMBA,
ENCANTAMENTOS,

POSESIÓNS DEMONÍACAS,
OBXECTOS CON VIDA PROPIA,
TRANSFORMACIÓNS MONSTRUOSAS,

RESURRECCIÓNS,

MORTE, MORTE, MORTE

CONSELLOS A
TER EN CONTA
SE TES VES
ENVOLTO
NUNHA
HISTORIA DE
TERROR:



1

NON SAÍR
NUNCA DA
CASA SEN LEVAR
UNHAS BOAS **RESTRAS**
DE ALLO.

NA FEIRA DOS XOVES
PODES ATOPAR UN
SURTIDO CUNHA BOA
RELACIÓN CALIDADE-
PREZO.

CONTAR

CUN

EXORCISTA

AMIGO QUE CHE FAGA

UN BO PREZO EN

CASO DE QUE SEXAS

VÍTIMA DO MALIGNO



GRAVAR NA AXENDA DO
MÓBIL ALGÚN
ESCONXURO ÚTIL
POR SE TOPASES CON
FADA, BRUXA
OU MAL
DE
OLLO





TER A MAN
UNHA
ESTACA E
UN
CRUCIFIXO
DE PRATA,
IMPRESCINDÍBEIS
NOS CASOS DE
VAMPIRISMO.



NON SAÍR
CON
NINGUÉN
QUE NON

CREA NO ALÉN. SON
OS PRIMEIROS EN
CAER CANDO ATACAN
AS FORZAS DO MAL.

CANDO QUEDAMOS COS AMIGOS,
TER A PRECAUCIÓN DE NON
FACELO EN
CEMITERIOS,
CASAS
ABANDONADAS,
BOSQUES
MALDITOS OU
XARDÍNS.

DECADENTES. SON FATAIS. NESES
SITIOS SEMPRE PASA ALGO.



UN POUÇO DE HISTORIA

O xénero de terror ou **literatura gótica** nace no século XVIII con obras como O **Castelo de Otranto** de **Horace Walpole**, **Vathek** de **William Beckford**, **Os misterios de Udolfo** de **Ann Radcliffe** ou **O Monxe**, de **Matthew Lewis**.

Trátase de crear unha atmosfera na que o lector se deixe vencer polo engado do sobrenatural, do extraordinario, e que adoita aproveitar escenarios lúgubres (tebras, ruínas, interiores fríos e exteriores inquedantes) personaxes atormentados, monstruosos ou fascinantes e tramas cheas de esceas truculentas, nas que o misterio e o medo son os ingredientes básicos. Esta narrativa enriqueceuse moitas veces coas achegas de lendas do folclore sobre figuras míticas, encantamentos, maldicións, aparecidos, etc.

O século XIX asistiu á madurez do xénero con grandes achados que superan os límites do “gótico”, ofrecendo á Historia da Literatura textos fundamentais como **Frankenstein** de **Mary Shelley**, as obras de **Allan Poe**, o **Drácula** de **Bram Stoker** e parte da obra de autores como **Stevenson**, **Henry James**, **Guy de Maupassant**, **Lovecraft** e o seu grupo e mesmo **Oscar Wilde**, que parodiaría o xénero no seu hilarante **A pantasma de Canterville**.

Hai que destacar que tamén as autoras cultivaron con enorme eficacia o xénero e para mostra **Ann Radcliffe**, que en pleno século XVIII conseguiu que as doncelas palidecesen coas vicisitudes dos misterios de Udolfo; **Mary Shelley**, que ofreceu á literatura universal un personaxe que hoxe é un mito; **Ann Rice**, coñecida polas seus incursións no vampirismo ou, xa no século XXI, **Stephanie Meyer**, autora dun dos éxitos editoriais máis sonados dos últimos tempos, **Crepúsculo**.

LIBROS DE TERROR

O castelo de Otranto (1765), de Horace Walpole.

Sir Bertram (1773), de Barbault.

The Recess (1785), de Sophia Lee.

Vathek (1786), de William Beckford.

Os misterios de Udolfo (1794), de Ann Radcliffe.

As aventuras de Caleb Williams (1794), de William Godwin

O monxe (1796), de Matthew Gregory Lewis

O italiano (1796-1797), de Ann Radcliffe.

Wieland ou a transformación (1798), de Charles Brocken.

St. León (1799), de William Godwin.

Manuscrito encontrado en Zaragoza (1805-1815), de Jan Potocki.

Os elixires do demo (1815-1816) de E. T. A. Hoffmann.

Frankenstein ou O moderno Prometeo (1818), de Mary Shelley.

O Vampiro (1819), de John William Polidori

Melmoth o errabundo (1820), de Charles Robert Maturin

Vampirismo (1821), de E. T. A. Hoffmann

Infernaliana (1822), de Charles Nodier

A Nosa Señora de París (1831), de Victor Hugo

A caída de la casa Usher (1839), de Edgar Allan Poe

Varney o vampiro ou o festín de sangue (1845-1847), de James Malcolm Rymer e Thomas Preskett.

Cumes borrascosos (1847), de Emily Brontë

A casa dos sete tellados (1851), de Nathaniel Hawthorne

O fauno de mármore (1860), de Nathaniel Hawthorne

O monte das ánimas (1861), de Gustavo Adolfo Bécquer

Carmilla (1872), de J. S. Le Fanu.

A pantasma de Canterville (1887), de Oscar Wilde

O retrato de Dorian Gray (1891), de Oscar Wilde

O castelo dos Cárpatos (1892), de Xulio Verne

Outra volta á torca (1897), de Henry James

Drácula (1897), de Bram Stoker

A besta na cova (1905), de Howard Phillips Lovecraft

A pantasma da ópera (1910), de Gastón Leroux

A torre dos sete chepudos (1920), de Emilio Carrere.
Llevada al cine por Edgar Neville en 1944

The Silver Kiss (1992) de Annette Curtis Klause

O CINE DE TERROR

O terror saltou das follas das novelas á pantalla grande e agochoouse tamén na tinta negra das revistas gráficas. No que respecta ao cine, son os personaxes literarios da novela gótica os que primeiro poboan as películas do xénero, vampiros, lobisomes, monstros, fantasmas, bruxas. Da literatura tómase tamén a iluminación, que se inspira na pintura romántica alemá do XIX, cos seus claroscuros apreciábeis en [Murnau](#), [Fritz Lang](#)..., os escenarios lúgubres e o emprego de bandas sonoras que acompañan a trama e incorporan efectos de son arrepiantes.

O CINE MUDO

O público busca no cine o mesmo que na literatura, aínda que se cadra con maior intensidade: unha forte impresión, unha descarga de adrenalina. De feito a primeira película da historia (L'arrivée d'un train ... dos irmáns Lumière) aínda sendo unha sinxela narración da chegada dun tren, provocou nos espectadores reaccións de pánico, pois crían que o tren podía saír da pantalla e atropelalos.

Malia estes comezos, a película que se converteu en inaugural do xénero foi a versión de **Frankenstein** que fixo J. Searle

Dawley en 1910. Nesta época do cine mudo apareceron outras películas como **O Golem** (Paul Wegener, 1915), **Häxan** (Benjamin Christensen, 1922, a primeira película de temática ocultista e demoníaca), **O chepudo de Notre-Dame** (Wallace Worsley, 1923) ou **A pantasma da ópera** (Rupert Julian, 1925). Mención aparte merecen o **Nosferatu, o vampiro** de Murnau (1922) baseada no Drácula de Bram Stoker ou os cumes do cine expresionista de Fritz Lang **M, o vampiro de Düsseldorf** ou **O gabinete do doutor Caligari**.

O CINE DE VAMPIROS

Escusado é dizer que de vampiros temos películas para dar e regalar ao longo de todo o século XX. Ademais das xa citadas, teríamos o **Drácula** de **Ted Browning**, o **Nosferatu, vampiro da noite** de **Werner Herzog** (1979) ou máis recente **Drácula de Bram Stoker** (1992) de **Francis Ford Coppola**.

OS MONSTROS NO CINE

Chegaron nos anos trinta: o **Frankenstein** de **James Whale**, de 1931, **A momia** (**Freund**, 1932), **A parada dos monstros** de **Tod Browning**, de 1932 e o sonadísimo **King Kong** de **Cooper e Schoedsack** de 1933. Outros cumes do xénero serían as fitas de **Mamoulian** **Dr. Jekyll e Mr. Hyde** (1931) e **Michael Curtiz** “**Os crimes do museo de cera**”.

Outro monstro con enorme percorrido é o Home Lobo, que arrincou no anos corenta coa Universal; **Touneur**, en 1942, dirixiu **A muller pantera** e no 1943 **Eu andei cun zombie**. De 1949 é un gran éxito, **Ladróns de cadáveres** baseado nun relato de Robert Louis Stevenson. Os anos 50 e 60 son especialmente prolíficos en cine de terror: **A**

invasión dos ladróns de corpos de **Don Siegel** en 1956, **A maldición de Frankenstein** (1957), **Drácula** (1958) e **A Momia** (1959) producidos pola Hammer, que se apoiou no seu director estrela, **Terence Fisher** ou o cine de **Roger Corman** e os seus traballos de serie B (películas de baixo orzamento) que adaptou moitos relatos de Poe ao longo da década dos sesenta: **A caída da casa Usher** (1960), **O pozo e o péndulo** (1961), **O enterro prematuro** e **Contos de terror** (1962), **O corvo** (1963), **A máscara da Morte Vermella** (1964) ou **A tumba de Ligeia** (1964). Nesta década comeza tamén o medo psicolóxico, onde sobrancea a figura de **Alfred Hitchcock** (con películas como **Psicose**, de 1960, e **Os paxaros**, de 1962). ou obras como a inqueda de **A semente do demo** (1968) de **Roman Polanski**.

En plena guerra fría surxe un tipo de cine catastrofista que dá conta dunha ameaza que a sociedade percibe como real. Nesta serie estaría tamén a obra de **Ishiro Honda**, un nipón que dirixiu a mítica **Godzilla** en 1954. O cine de zombies desembarca cunha

avalancha de fitas como **A invasión dos ultracorpos** de Philip Kaufman. **O exorcista** de Friedkin no 1973 inaugura unha serie ou subxénero novo que é o das experiencias paranormais: **Carrie** (1973) de Brian de Palma, inspirada na novela homónima de Stephen King, é un exemplo.

Outra veta importante dentro do xénero é o cine de extraterrestres, que une a ciencia-fición e o terror. **Alien** (1979), de Ridley Scott, sería un exemplo representativo.

Nos ostenta asistimos ás series de terror “adolescente”, sen pretensións artísticas pero con moita taquilla. Películas como **Viernes 13**, **Pesadelo en Elm Street** ou **Halloween** inauguran o xénero dos asasinos brutais agochados na escuridade. Nesta corrente inscríbense títulos como **O tren do terror** (1980), **San Valentín Sanguento** (1981) ou **O boneco diabólico** (1988). La serie **Creepshow**, de Stephen King y George A. Romero, pertence tamén a esta época, que deu outros filmes destacados como **O resplandor** (1980) de Stanley

Kubrick, **A cousa** (1982) de John Carpenter ou **Poltergeist** de Tobe Hooper.

O terror e o Mal nos últimos tempos asimílanse a un subxénero que é o dos *serial killer*, máis perto do cine negro que do gótico. É o caso de **El silencio de los corderos** (1991) de Jonathan Demme, **Seven** (1995) de David Fincher ou a serie **Dexter**, baseada nos libros de Jeff Lindsay.

Nas últimas décadas téñense tratados terrores de diferente signo (**O sexto sentido** de Shyamalan, **Os outros** de Amenábar) e os terrores asiáticos empezan a invadir as pantallas de todo o mundo: **The ring** (1998) de Hidea Nakata. ou **A maldición** de Takashi Shimizu. Entre o cine de tradición hispana destacan Guillermo del Toro, (**El espinazo del diablo**, 2001), Jaime Balagueró (**Los sin nombre**, 2001) ou o xa citado Amenábar.

E, como última tendencia, o terror “baseado en feitos reais” co artificio técnico do “falso documental”: **El proyecto de la bruja** (1999) ou **REC** (2007). Outra característica do cine de terror actual é a recorrencia ao “remake”.

FONTES:

COLD NIGHT	Bn manson	YOU MURDERED	vampíres
------------	-----------	--------------	----------

ACTIVIDADES

(explicar para a memoria)

- Campaña de animación
- Exposición de fondos
- Enquisa
- Comparte os teus medos (arca dos medos)
- Lectura colectiva e performance

TEXTOS para o panel da planta baixa e as fiestras do terceiro andar: